



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 123

IV lexislatura

28 de setembro de 1994

SUMARIO

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

- Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 2.863

3.5 MOCIÓNS

3.5.1 MOCIÓNS

- Moción formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, sobre o compromiso e control polo Goberno galego da execución das autovías galegas Vigo-Benavente e A Couruña-Benavente (núm. 2.901). 2.871
- Moción formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre o establecemento polo Goberno galego da normativa axeitada para posibilita-lo acceso dos Sres. deputados á documentación necesaria para exercer-la súa función de control (núm. 2.928). 2.872

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

- Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, sobre a celebración de eleccións sindicais no campo (núm. 2.826). 2.872
- Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Emilio López Pérez e dous deputados máis, sobre a proposta de mellora do trazado da autovía do Noroeste, no subtramo II, de Baralla ó Cereixal (núm. 2.855). 2.874
- Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a María José Porteiro García, sobre a elaboración e posta en marcha dun plan director de promoción e fomento das industrias culturais (núm. 2.865). 2.875
- Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre a posta en marcha dunha campaña de formación e informa-

SUMARIO

ción respecto da prevención, reciclaxe e reutilización de residuos (núm. 2.915). 2.876

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1 PROPOSICIÓNS

—Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez e D. Alfredo Suárez Canal, sobre a reclamación da liberdade para os insubmisos galegos en prisión (núm. 2.949. Comisión 1ª). 2.877

—Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez e D. Francisco Trigo Durán, sobre a urbanización do solo cualificado como industrial na zona de Castiñeiras (Bueu) (núm. 2.856. Comisión 2ª). 2.878

—Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Santos Oujo Bello, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para incentivar e promove-lo uso de produtos fabricados con material reciclado e a información ó Parlamento delas (núm. 2.866. Comisión 2ª). 2.879

—Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a realización de xestións para a integración funcional dos centros de investigación do CSIC instalados en Galicia nun sistema galego de ciencia e tecnoloxía (núm. 2.913. Comisión 4ª). 2.880

—Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas para a dotación ós centros de ensino público de gabinetes de orientación e equipos psicopedagóxicos constituídos por profesionais (núm. 2.914. Comisión 4ª). 2.881

—Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e Dª María Antonia Álvarez Yáñez, sobre a análise, investigación e adopción de medidas respecto dos posibles equívocos nas denominacións comerciais dos establecementos comerciais e nos prezos dos produtos ofertados neles (núm. 2.911. Comisión 6ª). 2.881

—Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre o recoñece-

mento oficial dos cursos de seguridade e contra-incendios que se están a realizar no centro educativo de formación profesional, antiga Universidade Laboral da Coruña (núm. 2.931. Comisión 8ª). 2.882

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

—Solicitud de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, a iniciativa de catro deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar sobre os criterios e obxectivos que se tentan acadar co plan operativo da flota de arrastre do litoral galego (núm. 2.989. Comisión 8ª). 2.883

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

8.2 PERSOAL

—Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de setembro de 1994, polo que se modifica o cadro de persoal do Parlamento de Galicia. 2.884

9. INFORMACIÓNS E CORRECIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

—Retirada da solicitude de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Industria e Comercio, para informar sobre as liñas xerais de actuación da Consellería (núm. 368). 2.884

—Retirada da solicitude de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para informar do proxecto de construción dunha incineradora de residuos tóxicos e perigosos (RTP) en Teixeiro (Curtis), presentado pola empresa Prometel-Gamesa (núm. 481). 2.885

—Retirada da Interpelación formulada por D. Xesús Vega Buxán e D. Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia respecto da situación retributiva do ex-conselleiro Sr. Fernández García (núm. 2.187). 2.885

3

PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA****3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS**

Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución relativa á participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución da posición do Estado na Unión Europea.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 59 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (núm. de Rexistro 2.987), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado para que poña en marcha os mecanismos precisos de cara ó estudio e a redacción dun proxecto de lei que abra e estructure vías de participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución da posición do Estado na Unión Europea, tomando como punto de partida ou debate os extremos do anexo:

1.-Unha información efectiva por parte do Goberno do Estado sobre os proxectos normativos da Unión Europea.

2.-A posibilidade de designación polas comunidades autónomas de delegados ante a representación permanente de España na Unión Europea.

3.-A colaboración procesual co Goberno do Estado no exercicio de accións xudiciais perante o Tribunal de Xusticia Europea.

4.-A participación autonómica nos comités de asesoramento da Comisión e do Consello, sen excluí-la presenza con carácter excepcional no Consello de Ministros.

5.-A incorporación de representantes autonómicos na Comisión Interministerial de Asuntos Económicos relacionados coa Unión Europea.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á creación dun Consello Económico e Social do que formen parte as comunidades autónomas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 59 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (núm. de Rexistro 2.987), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado a elaboración dunha norma que faga realidade as previsións do artigo 131 da Constitución mediante a creación dun Consello Económico e Social do que formen parte as comunidades autónomas, sobre a base dos seguinte puntos:

1.-O Consello asumirá funcións de consulta preceptiva en relación coa planificación económica.

2.-As decisións do Goberno discrepantes dos informes ou consultas do Consello serán motivadas.

3.-O Consello poderá, por propia iniciativa ou das comunidades autónomas, elaborar informes e estudos relacionados co grao de equilibrio do desenvolvemento rexional, resaltando, en todo caso, a obriga do Goberno de elaboralos proxectos de planificación de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á reforma constitucional limitada que configure o Senado como unha auténtica Cámara de representación territorial.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 59 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (núm. de Rexistro 2.987), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado que poña en marcha os mecanismos precisos de cara ó estudio e á redacción dun proxecto de reforma constitucional limitada que configure o Senado como unha auténtica “Cámara de representación territorial”, sobre a base do consenso acadado na redacción da propia Constitución, tomando como posibles puntos de partida os que figuran no anexo:

1) Que a reforma dote o Senado dunha especialización funcional con auténtico protagonismo no proceso lexislativo que afecte as comunidades autónomas.

2) Que se modifique a súa composición incrementando significativamente a presenza do nivel autonómico, mediante:

a) A redución do número de senadores que se deben elixir por cada provincia.

b) A elevación do número dos senadores designados polas comunidades autónomas, que deberían ser, ademais, membros das asembleas lexislativas correspondentes.

c) O outorgamento da condición de senador a cada presidente de comunidades autónomas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á potenciación do campus universitario de Ourense.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (núm. de Rexistro 2.987), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, concluídos xa os trámites esenciais do procedemento expropiatorio para dotar de terreos o campus de Ourense, tales como as actas previas e os depósitos regulamentarios, se acelere o resto do proceso co fin de que os devanditos terreos sexan postos a disposición da Universidade dentro do presente ano.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite a colaboración do Concello de Ourense e da Deputación Provincial para posibilitar tanto o obxectivo expresado no parágrafo anterior coma a iniciación das obras no prazo máis breve posible, na procura de potencia-lo campus de Ourense.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á constitución e regulación dunha “Conferencia de presidentes de comunidades autónomas e do presidente do Goberno do Estado”.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor, 18 en contra

e 12 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (núm. de Rexistro 2.987), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado o estudo e a redacción dun proxecto de lei que faga realidade a constitución e regulación dunha “Conferencia de presidentes de comunidades autónomas e do presidente do Goberno do Estado”, coa seguinte finalidade:

1) Como foro de discusión das cuestións xerais de interese común que incidan no ámbito das comunidades autónomas.

2) Como instancia de culminación das actuais conferencias sectoriais.

3) Como órgano de consulta verbo dos proxectos normativos da Unión Europea.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á supresión de determinados servizos do ferrocarril.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia, con carácter urgente, á vista da grave situación que supón para o conxunto do país a supresión de determinados servizos do ferrocarril, require do Goberno do Estado que tome as medidas tendentes a mante-los ditos servizos, coa mellora correspondente, que eviten as graves consecuencias para os núcleos de poboación afectada.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á conservación dos espazos naturais galegos e á rexeneración das ribeiras fluviais e marítimas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a programar e deseña-la conservación dos espazos naturais galegos, con especial interese na rexeneración das ribeiras fluviais e marítimas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ó Plan de atención sanitaria para a muller.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a continuar e amplia-la cobertura do Plan de atención sanitaria para a muller.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ó sistema de financiamento da sanidade en Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a esixi-la revisión do sistema de financiamento da sanidade en Galicia, de xeito que para o ano 1995 se equilibre a proporción entre a poboación atendida e a participación no gasto estatal, ademais de ter en conta os seguintes criterios:

- Poboación total de dereito segundo o último censo ou padrón municipal.
- Dispersión xeográfica da poboación.
- Renda por habitante.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á transferencia a Galicia do Instituto Social da Mariña (ISM).

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno central dun xeito inaprazable o establecemento de conversas co fin de conseguila transferencia a Galicia, co adecuado financiamento, do Instituto Social da Mariña (ISM) durante o ano 1995, no camiño de acadar unha rede sanitaria única.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á transferencia ou cesión de uso do Hospital Militar da Coruña antes do remate de 1995.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proseguir-las conversas co Goberno central destinadas a conseguila transferencia ou a cesión de uso do Hospital Militar da Coruña antes do remate de 1995.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á participación da Comunidade Autónoma de Galicia na xestión do sector público estatal e planificación económica.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia reclama do Goberno central que se proceda do xeito necesario para dar rigoroso e exacto cumprimento na práctica política ó establecido polo artigo 30 do Estatuto de Galicia, que fixa as materias de competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma e que preceptúa que ‘a Comunidade Autónoma galega participará, tamén, na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que proceda’, en relación coa norma contida no artigo 131.2 da Constitución española, que ordena que ‘o Goberno (central) elaborará os proxectos de planificación de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas’.

O Parlamento de Galicia considera necesario que esta reclamación sexa formulada polo Excmo. Sr. presidente da Xunta no inmediato debate sobre as autonomías que terá lugar no Senado.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á potenciación do sector audiovisual galego.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a potencia-lo sector audiovisual galego, cinema e vídeo fundamentalmente, mediante plans de axuda e promoción que posibiliten a súa produción, distribución e exhibición, fundamentais no proceso de normalización lingüística e cultural.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á transferencia da muralla de Lugo.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“A Xunta de Galicia negociará de contado, e unha máis vez, a transferencia da muralla de Lugo, que permita a súa real conservación e restauración.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á xestión dos fondos do IFOP.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 53 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. de Rexistro 2.982), co contido literal seguinte:

“A Xunta de Galicia esixirá a xestión dos fondos do IFOP.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro exercicio económico de 1995.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dialogar, cos grupos parlamentarios da oposición no Parlamento de Galicia, sobre os presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro exercicio económico de 1995.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á presentación dun proxecto de lei de desenvolvemento do réxime local específico de Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que presente nesta Cámara un proxecto de lei de desenvolvemento do réxime local específico de Galicia.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á remisión dun proxecto de lei do deporte galego.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que lle remita ó Parlamento un proxecto de lei do deporte galego.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á presentación dunha normativa para o acceso das vivendas sociais.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que presente unha normativa nova para o acceso das vivendas sociais.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ó remate dun Plan de atención xeriátrica.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de

Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rematar un plan de atención xeriátrica que contemple a atención ás persoas maiores dun xeito integrado, contemplando os aspectos asistenciais sanitarios, mais tamén os aspectos de asistencia social, como as axudas a domicilio, residencias asistidas, ocio, vivenda, etc.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á elaboración dun plan de loita contra o cancro.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de loita contra o cancro, que contemple como parte esencial a dotación de servizos médicos de oncoloxía nos complexos hospitalarios públicos galegos e a dotación de servizos de radioterapia nas cinco áreas sanitarias máis importantes.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á elección libre de pediatra e xinecólogo nas áreas sanitarias.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de xeito inmediato o dereito á elección libre de pediatra e xinecólogo nas áreas sanitarias.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á fixación de data para a realización de intervencións cirúrxicas e probas diagnósticas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fixar unha data aproximada a cada paciente para ser operado e realizarlle as probas diagnósticas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á aplicación do Decreto de agosto de 1993 sobre desenvolvemento da atención primaria de saúde.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa aplicación do Decreto de agosto de 1993 sobre desenvolvemento da atención primaria de saúde e a crea-las unidades e servizos de atención primaria que o decreto establece, co fin de cubrir no que resta de lexislatura o 60% da poboación galega.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á posta en activo das correspondentes fiscalías do menor nas catro provincias galegas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar da Administración de Xusticia a definición e posta en activo das correspondentes fiscalías do menor nas catro provincias galegas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á industria agroalimentaria.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1994, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. de Rexistro 2.988), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar un apoio especial á industria agroalimentaria, potenciando o asociacionismo e as redes de comercialización conxuntas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

3.5 MOCIÓN

3.5.1 MOCIÓN

Moción formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, sobre o compromiso e control polo Goberno galego da execución das autovías galegas Vigo-Benavente e A Coruña-Benavente (núm. 2.901).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 27 de setembro de 1994, admítase a trámite a Moción formulada polo

G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, sobre o compromiso e control polo Goberno galego da execución das autovías galegas Vigo-Benavente e A Coruña-Benavente (núm. 2.901), moción formulada a consecuencia da Interpelación nº 1.821 sobre o mesmo tema, publicada no BOPG nº 78, do 7 de xuño de 1994, e debatida no Pleno do 13 de setembro de 1994.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Á citada moción poderanse presentar emendas ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 151.1 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa de Xosé Henrique Rodríguez Peña e ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Moción sobre o compromiso e control polo Goberno galego da execución das autovías galegas Vigo-Benavente e A Coruña-Benavente, como consecuencia da Interpelación nº 1.821, publicada no BOPG nº 78, do 7 de xuño de 1994.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas que veñan garantilo cumprimento de execución das autovías galegas Vigo-Benavente e A Coruña-Benavente:

Reclamar do MOPTMA a contratación de tódolos tramos, dos dous trazados das autovías galegas, co soporte financeiro que avalíe a construción delas no mínimo prazo, conforme os obxectivos que se sinalan no compromiso do Goberno galego co Goberno central na súa execución.

Santiago de Compostela, 14 de setembro do 1994.

Asdo.: Xosé Henrique Rodríguez Peña

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Rodríguez Sánchez

Portavoz suplente do G.P. do BNG

Moción formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre o establecemento polo Goberno galego da normativa axeitada para posibilita-lo acceso dos Sres. deputados á documentación necesaria para exercer-la súa función de control (núm. 2.928).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 27 de setembro de 1994, admítase a trámite a Moción formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre o establecemento polo Goberno galego da normativa axeitada para posibilita-lo acceso dos Sres. deputados á documentación necesaria para exercer-la súa función de control (núm. 2.928), moción formulada como consecuencia da Interpelación núm. 1.024 sobre o mesmo tema, publicada no BOPG nº 45, do 23-3-94, e debatida no Pleno do 13-9-94.

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Á citada moción poderanse presentar emendas ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 151.1 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do seu deputado Antonio Gato Soengas, e ó abeiro do artigo 151 do Regulamento de Cámara, presenta a seguinte Moción para substantiva-la

Interpelación nº 1.024 sobre as previsións do Goberno galego respecto de facilitarlle ós Sres. deputados a documentación necesaria para exercer-la súa función de control (publicada no BOPG nº 45, do 23-03-94, e debatida no Pleno do día 13 de setembro de 1994).

Moción:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que nun prazo non superior a 30 días dicte a norma adecuada co fin de posibilita-lo acceso dos Sres. deputados da Cámara ós expedientes administrativos obrantes nas dependencias da Xunta e dos organismos autónomos, así como á obtención de copias deles, co gallo de exercer eficaz e rigorosamente o labor de control do Goberno”.

Parlamento de Galicia, 16 de setembro de 1994.

Asdo.: Antonio Gato Soengas

Deputado

Mº Xosé Porteiro García

Portavoz

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, sobre a celebración de eleccións sindicais no campo (núm. 2.826).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alfredo Suárez Canal e D. Emilio López Pérez, sobre a celebración de eleccións sindicais no campo (núm. 2.826).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, or-

dénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados Alfredo Suárez Canal e Emilio López Pérez, ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, sobre a celebración de eleccións sindicais no campo.

A existencia de organizacións sindicais no campo galego é patente mesmo xa na época franquista. Hoxe ninguén discute a súa necesidade e a función que cumpren como representantes dos intereses dos labregos.

A súa función social é hoxe moi ampla, abarcando non só o terreo reivindicativo senón outros moitos. Pero a pesar de ser hoxe un instrumento imprescindible no campo galego, non existe unha normativa que poida permitir medi-lo seu grao de representatividade. É dicir, é un dos poucos sectores que non conta con eleccións sindicais.

A celebración dun proceso electoral de tipo sindical no campo permitiría a existencia dun instrumento para medir adecuadamente o grao de representatividade do sector e contribuíría a evitar multitude de situacións de absoluta inxusticia que se producen ou se poden producir:

-Non se ten dado un reparto do patrimonio sindical, ou institucións similares existentes no réxime anterior, entre os sindicatos.

-Non se ten constancia de cales son os interlocutores válidos en cada circunstancia.

-Propíciase unha política discrecional de reparto de subvencións, cursiños, etc., sen ningunha base real

e auspíciase que a Administración do momento potencia as organizacións afíns en detrimento das demais.

-Ausencia de creación de organismos institucionais con participación de representantes dos labregos, que son imprescindibles para cuestións que van dende deseña-la política de ordenación de sectores ata establecer criterios de organización da produción, e que sobre todo establecerían instrumentos de contraste e debate cos lexítimos representantes dos labregos á hora de elabora-la política agraria.

Parece que no campo non se quere propicia-la organización sindical e prefírese seguir apostando por que a Administración teña facilidades de estender-aos seus tentáculos para controla-lo sector.

A celebración de eleccións sindicais no campo estimularía ademais o asociacionismo e que os labregos visen a necesidade de organizarse sindicalmente. Só unha idea de propiciar organizacións sindicais proclives ó poder e que sirvan de correa de transmisión da política que a Administración quere facer, pode se-la razón de seguir pechando as portas á celebración das eleccións sindicais no campo galego.

O único proceso electoral celebrado no campo de carácter sectorial foron as eleccións a cámaras agrarias, que para o que serviron foi para evidencia-la inutilidade destes organismos no intre actual. Hoxe cómpre da-lo salto e responder ás necesidades e á organización do sector, impulsando unhas auténticas eleccións sindicais no campo.

Tendo presente ademais que o Estado contempla competencias exclusivas no sector agrícola, propoñémola seguinte resolución:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar unha normativa para celebrar eleccións sindicais no campo galego no prazo non superior a un ano”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 1994.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Emilio López Pérez

Deputados do G.P. do BNG

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. do BNG

Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Emilio López Pérez e dous deputados máis, sobre a proposta de mellora do trazado da autovía do Noroeste, no subtramo II, de Baralla ó Cereixal (núm. 2.855).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Emilio López Pérez e dous deputados máis, sobre a proposta de mellora do trazado da autovía do Noroeste, no subtramo II, de Baralla ó Cereixal (núm. 2.855).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do BNG (Bloque Nacionalista Galego), a iniciativa dos deputados Emilio López Pérez, Alberte Xullo Rodríguez Feixoo e Francisco Trigo Durán, ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei referida á proposta de mellora do trazado da autovía do Noroeste, no subtramo II, de Baralla ó Cereixal, para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

As comunicacións, tanto aéreas coma terrestres e marítimas ou de calquera outro tipo, son de sumo interese para un país tan illado como Galicia. Aínda así, calquera país preocupado polo seu futuro procura sempre que o trazado de estradas, autovías ou autoestradas lles cause o mínimo dano á produción e ó medio ambiente.

O trazado E/D2 que para o subtramo II, de Baralla ó Cereixal, aprobou o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente foi e está a ser cuestionado polos veciños dos vales do Furco e de Neira de Rei, así como pola totalidade dos grupos ecoloxistas, por consideraren que tal trazado vai supoñer graves danos e perdas tanto ecolóxicos coma para a produción agraria dunha das áreas máis productivas e habitadas da montaña de Lugo.

As condicións paisaxísticas dos citados vales e a importancia que o val e o propio cañón do río Neira (entre Baralla e San Miguel de Neira de Rei) teñen como áreas de refuxio de especies protexidas están demostradas polos mesmos estudos de impacto ambiental. Aspectos desta índole foron os que se tiveron en conta para os cambios de trazado noutros tramos, tanto da provincia de León coma de Lugo.

Non só as asociacións de veciños do val de Neira de Rei, senón as propias institucións públicas, como a Corporación Municipal do Concello de Baralla e a propia Deputación de Lugo, se pronunciaron por elixilo trazado "A" de entre os propostos en principio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, por ser menos impactante co medio ambiente e ter moitos menos custos para a economía da zona.

As respostas e os argumentos dados polos responsables do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente a representantes dunha comisión de veciños constituída no concello de Baralla non teñen máis peso có de dar escusas para xustificar unha posición intransixente e autoritaria sen ningunha base racional. O argumento do maior custe monetario do trazado "A" non ten razón d ser, xa que unha obra desa envergadura representa unha cantidade moi reducida do presuposto económico.

Por todo iso, presentámo-la seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que esta negocie co Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente co fin de que o subtramo II, de Baralla ó Cereixal, correspondente ó tramo de Lugo-Vilafranca do Bierzo, da denominada auto-vía do Noroeste discorra baseándose no trazado “A”, facendo as correccións técnicas que permitan reducir ó máximo o impacto ambiental.

Lugo, 6 de setembro de 1994.

Asdo.: Emilio López Pérez
 Alberte Xullo Rodríguez Feixoo
 Francisco Trigo Durán
 Deputados do G.P. do BNG

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a María José Porteiro García, sobre a elaboración e posta en marcha dun plan director de promoción e fomento das industrias culturais (núm. 2.865).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D^a María José Porteiro García, sobre a elaboración e posta en marcha dun plan director de promoción e fomento das industrias culturais (núm. 2.865).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º
 José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e a iniciativa da deputada María José Porteiro García, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Pleno.

A incapacidade demostrada ata o de agora pola Xunta de Galicia para propoñer un pacto político e social en Galicia pola cultura aínda pode ser en parte reparada se se promove unha acción institucional que procure unha auténtica participación cidadá e a necesaria coordinación entre consellerías que tocan aspectos relacionados coa promoción, creación, difusión ou xestión da cultura galega.

Nestes intreos, a Consellería de Cultura non aborrou un plan estratéxico para o desenvolvemento e a vertebración socio-cultural de Galicia, definindo aqueles sectores que precisan dunha aposta forte e decidida para a súa modernización, como poderían se-la industria editorial e a industria audiovisual, nin contemplou outras facetas de diversificación na oferta da industria cultural, como poden se-la promoción de cooperativas e industrias de restauración de patrimonio, o galerismo na arte, as consultas de mediación e programación cultural, etc.

Esta carencia faise máis evidente nun tempo no que a produción cultural en Galicia, do mesmo xeito que xa está a acontecer no resto de Europa, depende en gran medida das industrias culturais. O feito de non potenciar e desenvolver estas industrias fará malogra-la nosa potencialidade creativa, ó tempo que se condenará irremisiblemente unha actividade económica-cultural que aínda ten futuro.

As industrias culturais pasaron nos últimos vinte anos a ocupar unha posición moi importante na economía dos países desenvolvidos, onde xa se fala dun “sector cuaternario” á hora de agrupar estas actividades. En países da nosa área de influencia, este sector contribúe xa, polo menos, co 10% do PNB. Unha correcta política de promoción das industrias culturais debe ir xunguida, ó tempo, a outra de axudas á creación, indispensables para que a creación cultural como materia prima desas industrias chegue a existir.

Por todo iso, presentámola seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que elabore e acometa un plan director de promoción e fomento das industrias culturais, como iniciativa básica para tutela-la acción formativa e infra-estructural que estas demandan, determinando os mecanismos económicos e as medidas legais e regulamentarias que sexa preciso articular, semellantes ás que se veñen utilizando tradicionalmente noutros sectores da actividade industrial que se pretenden dinamizar ou reestructurar”.

Parlamento de Galicia, 12 de setembro de 1994.

Asdo.: María José Porteiro García
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre a posta en marcha dunha campaña de formación e información respecto da prevención, reciclaxe e reutilización de residuos (núm. 2.915).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre a posta en marcha dunha campaña de formación e información respecto da prevención, reciclaxe e reutilización de residuos (núm. 2.915).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º
José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do deputado Antonio Gato Soengas, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Pleno.

Exposición de motivos

Un dos máis importantes problemas cos que se enfrontan as comunidades é a xestión dos residuos en calquera dos estados, sexan da natureza que sexan.

A política medioambiental en materia de residuos foi evolucionando positivamente dende os nefastos vertidos incontrolados, que son abundantes, desgraciadamente, na nosa Comunidade Autónoma, pasando polos vertedeiros controlados, ata o estímulo dunha menor produción, acompañado do fomento de novos produtos e tecnoloxías limpas, responsabilizando cada vez máis ós produtores da súa eliminación.

Hoxe en día a xestión dos residuos pasa pola prevención, a reciclaxe e a reutilización.

Pero para calquera dos tres estadios antes mencionados é imprescindible contar coa participación positiva do cidadán, que se acadará na medida de fomentar unha cada vez máis puxante conciencia ecolóxica.

Neste sentido hai dous camiños que cómpre seguir:

- A educación medioambiental.

- As campañas de formación e información ó produtor.

En relación co segundo aspecto, e a pesar de distinguirse o Goberno galego pola oferta de múltiples campañas de mera propaganda, bótase en falta unha campaña favorecedora da adecuada xestión de residuos, nas liñas básicas apuntadas máis arriba, maiormente agora que están en marcha iniciativas tendentes á eliminación de refugalloas na Comunidade a través de SOGAMA, S.A.,

Por todo iso, preséntase para debate e aprobación, se é o caso, a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pór en marcha unha campaña de formación e información, no tocante a prevención, reciclaxe e reutilización de residuos, tendente a modifica-los hábitos de comportamento cidadán, do que serán beneficiarios directos a saúde humana e o medio ambiente natural.

Parlamento de Galicia, 13 de setembro de 1994.

Asdo.: Antonio Gato Soengas

Deputado

M^a Xosé Porteiro García

Portavoz

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1 PROPOSICIÓNS

Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez e D. Alfredo Suárez Canal, sobre a reclamación da liberdade para os insubmisos galegos en prisión (núm. 2.949. Comisión 1^a).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez e D. Alfredo Suárez Canal, sobre a reclamación da liberdade para os insubmisos galegos en prisión (núm. 2.949).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 1^a, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1^o

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos seus deputados Guillermo Vázquez Vázquez e Alfredo Suárez Canal, e ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

A oposición ó servizo militar obrigatorio medra entre a xuventude e goza de ampla simpatía na sociedade galega.

Moitos mozos galegos opóñense por motivos de conciencia á realización do servizo militar, e tamén á prestación social substitutoria, son os insubmisos.

Actualmente os tribunais veñen condenando estas persoas a penas de privación de liberdade de 2 anos, 4 meses e un día, o que non resulta congruente cos principios xerais de liberdade e dignidade humanas, xa que se sanciona un incumprimento administrativo que ten a súa base nunha disensión ideolóxica, con elevadas penas de prisión, ó que se engade a privación dos seus dereitos cívicos durante o mesmo tempo.

A última das condenas dictadas no noso país contra un insubmiso produciuse recentemente en Lugo, na persoa de Miguel Abreira.

Os obxectores de conciencia insubmisos encadeados veñen recibindo o apoio de parlamentos autonómicos, concellos, órganos xudiciais e organizacións sociais diversas.

Por todo isto, presentámo-la seguinte proposición non de lei, para que o Parlamento galego adopte a seguinte determinación institucional:

1- O Parlamento galego pronúnciase pola reclamación da liberdade para os insubmisos galegos en prisión.

2- A Cámara lexislativa galega solicitaralle ó Goberno español, a través do Ministerio de Xusticia e Interior, a despenalización total da insubmisión.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 1994.

Asdo.: Guillermo Vázquez Vázquez

Alfredo Suárez Canal

Deputados do G.P. do BNG

Francisco Rodríguez Sánchez

Portavoz do G.P. do BNG

Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez e D. Francisco Trigo Durán, sobre a urbanización do solo cualificado como industrial na zona de Castiñeiras (Bueu) (núm. 2.856. Comisión 2ª).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítese a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Guillermo Vázquez Vázquez e D. Francisco Trigo Durán, sobre a urbanización do solo cualificado como industrial na zona de Castiñeiras (Bueu) (núm. 2.856).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados Guillermo

Vázquez Vázquez e Francisco Trigo Durán, ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para a súa tramitación en Comisión.

A vila de Bueu vén dende hai anos sufrindo unha importante deterioración do seu sector industrial, centrado fundamentalmente na conserva de peixe, coa conseguinte perda de gran número de postos de traballo.

Esta situación vese agravada pola inexistencia de solo industrial apto para ser ocupado polas empresas que o soliciten, a pesar de ter cualificados os terreos como zona industrial dende hai doce anos.

Así, a última empresa conserveira importante da vila pode verse obrigada a trasladar a súa factoría a outro concello pola falta de lugar adecuado para a súa nova localización, non só necesaria para adaptar a súa produción á normativa europea senón para unha posible ampliación a novas gammas de produtos.

É evidente que despois da grave perda que para Bueu supuxo a desaparición de Massó Irmáns e outras empresas, a vila non pode permitirse o luxo de ver desaparecidas completamente este tipo de industrias, polo grave desequilibrio socio-económico que suporía para ela.

É polo que é urxente que a CPTOV acometa con urxencia a posta en funcionamento do parque empresarial de Bueu, acometendo con rapidez a urbanización do solo cualificado como tal na zona de Castiñeiras, de xeito que lle permita unha posibilidade de vida industrial ó concello de Bueu.

É polo que fomulámo-la seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que acometa a urbanización do solo cualificado como industrial na zona de Castiñeiras (Bueu), de xeito que permita a instalación en breve das empresas que así o soliciten, antes de decembro de 1995”.

Santiago de Compostela, 7 de setembro do 1994.

Asdo.: Guillermo Vázquez Vázquez

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Trigo Durán

Deputado e portavoz do G.P. do BNG

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Santos Oujo Bello, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para incentivar e promove-lo uso de produtos fabricados con material reciclado e a información ó Parlamento delas (núm. 2.866. Comisión 2ª).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Santos Oujo Bello, sobre a adopción de medidas polo Goberno galego para incentivar e promove-lo uso de produtos fabricados con material reciclado e a información ó Parlamento delas (núm. 2.866).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicos.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa dos deputados José Antonio Ventoso Mariño e Santos Oujo Bello, a través do seu portavoz, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

Na sociedade actual existe unha cada vez maior concienciación ecolóxica.

Conceptos tales como, entre outros, biodiversidade, crecemento sostido, reciclaxe de produtos, impacto medioambiental, capa de ozono, clorofluorocarbonos (CFC), recursos renovables ou non renovables, contaminación e polución, reforestación, extinción de especies, que hai uns anos eran unicamente utilizados polos especialistas, forman xa parte hoxe en día do vocabulario normal.

Existe realmente unha conciencia social de que os problemas ecolóxicos transcenden as fronteiras dos estados, son verdadeiramente transnacionais, e a solución deles é labor de todos. Tal como di Al Gore, no seu libro “A Terra en xogo”, “a loita para salva-lo medio ambiente global é en certo sentido máis difícil cá loita por vencer a Hitler, porque agora a guerra é contra nós mesmos. Nós sómo-lo inimigo e á vez o noso único aliado. Nunha guerra de tales características, ¿que é a vitoria e como a recoñeceremos?”

Calquera acción que se tome tendente á redución da contaminación medioambiental, á reutilización de materiais renovables, á conservación das especies vexetais, por pequena que aparentemente pareza, debe ser considerada como positiva, xa que tende a conserva-lo medio ambiente e a profundar na concienciación ecolóxica da sociedade.

Consideramos que en Galicia debería promoverse unha maior utilización de produtos fabricados con material reciclado, xa que, actualmente, o nivel comparativo da súa utilización, en relación con outras comunidades ou países avanzados, é moi baixo.

Por tal motivo, os deputados que subscriben formulan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

“1.- Incentivar e promove-la utilización de produtos fabricados con material reciclado, contribuíndo así a un aproveitamento máis racional dos recursos renovables e á diminución da contaminación medioambiental, mediante a instrumentación de medidas estimuladoras de tipo económico ou, se é o caso, a realización dunha campaña especial de concienciación e motivación dirixida ó empresariado galego en xeral, e de xeito especial ó pequeno comercio e ós profesionais liberais.

2.- Remitir ó Parlamento de Galicia información sobre as medidas adoptadas para acadalo obxectivo indicado e, se é o caso, sobre os aspectos máis destacables da devandita campaña especial, tales como importe dela, partida presupostaria á que se carga, tipo de contratación utilizada, data de inicio, duración, medios e calquera outro signo de mención”.

Parlamento de Galicia, 12 de setembro de 1994.

Asdo.: José Antonio Ventoso Mariño
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Santos Oujo Bello
Deputado e portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a realización de xestións para a integración funcional dos centros de investigación do CSIC instalados en Galicia nun sistema galego de ciencia e tecnoloxía (núm. 2.913. Comisión 4ª).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a realización de xestións para a integración funcional dos centros de investigación do CSIC instalados en Galicia nun sistema galego de ciencia e tecnoloxía (núm. 2.913).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º
José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do deputado Miguel Cortizo Nieto, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

Exposición de motivos

Galicia ten un sistema de ciencia e tecnoloxía escaso, con centros de distinta dependencia orgánica, e, polo tanto, sen que exista a necesaria coordinación entre eles.

A necesidade de configurar un sistema galego de ciencia e tecnoloxía, en estreita relación co que debería se-lo do Plan de investigación de Galicia, fai preciso que se integre nunha única dirección coordinada toda a investigación que se faga en Galicia, sexa quen sexa quen a faga e o centro no que se faga.

Nesta idea cómpre a semellanza do que se fixo nalgũa outra Comunidade Autónoma, integra-los centros de investigación do “Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)” radicados en Galicia nun sistema galego de ciencia e tecnoloxía, organizado e planificado, que poña fin á atonía e ó burocratismo que caracterizan a política científica da Xunta.

Por todo isto, o deputado que subscribe presenta a seguinte proposta de resolución:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que lle propoña ó “Consejo Superior de Investigaciones Científicas” o asinamento dun convenio no que se acorde a integración funcional dos centros de investigación do CSIC instalados en Galicia nun sistema galego de ciencia e tecnoloxía.

Parlamento de Galicia, 6 de setembro de 1994.

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto
Deputado
Mª Xosé Porteiro García
Portavoz

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas para a dotación ós centros de ensino público de gabinetes de orientación e equipos psicopedagóxicos constituídos por profesionais (núm. 2.914. Comisión 4ª).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopción de medidas para a dotación ós centros de ensino público de gabinetes de orientación e equipos psicopedagóxicos constituídos por profesionais (núm. 2.914).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do deputado Miguel Cortizo Nieto, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei.

Exposición de motivos:

A pesar dos tres anos transcorridos desde que as previsións legais estableceron a figura do orientador nos centros de ensino público, coa finalidade de contribuír a mellora-la calidade educativa e o desenvol-

vemento integral do alumno, os centros de ensino en Galicia carecen de psicólogos e pedagogos.

A Xunta de Galicia encoméndalle-la orientación dos alumnos en Galicia a profesores de calquera rama, allea á psicoloxía e á pedagogía, demostrando deste xeito o escaso interese que ten en potencia-la calidade do ensino público, e considerando como un mero trámite burocrático o obxectivo da orientación e o asesoramento profesional especializado dos estudantes do ensino público en Galicia.

Unha vez máis os alumnos galegos son discriminados en relación co resto do Estado, onde si se está cumprindo xa non só coa legalidade, senón co obxectivo de mellorar que implica o concepto da orientación ós alumnos.

Por todo iso, o deputado asinante presenta a seguinte proposta de resolución:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a toma-las medidas necesarias para que, de xeito gradual e nun prazo de tempo razoable, os centros de ensino público de Galicia contén con gabinetes de orientación e equipos psicopedagóxicos constituídos por profesionais especializados para tal fin.

Parlamento de Galicia, 13 de setembro de 1994.

Asdo.: Miguel Cortizo Nieto

Deputado

Mª Xosé Porteiro García

Portavoz

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e Dª Maríaª Antonia Álvarez Yáñez, sobre a análise, investigación e adopción de medidas respecto dos posibles equívocos nas denominacións comerciais dos establecementos comerciais e nos prezos dos produtos ofertados neles (núm. 2.911. Comisión 6ª).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e Dª María

Antonia Álvarez Yáñez, sobre a análise, investigación e adopción de medidas respecto dos posibles equívocos nas denominacións comerciais dos establecementos comerciais e nos precios dos produtos ofertados neles (núm. 2.911).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa dos deputados José Antonio Ventoso Mariño e María Antonia Álvarez Yáñez, e a través do seu portavoz, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

En Galicia existen unha serie de establecementos comerciais e cadeas de establecementos que teñen unha denominación comercial que produce un certo equívoco e engano no consumidor, xa que o seu nome non se axusta á súa oferta comercial.

Así, mentres que a súa “intelixente” denominación induce a pensar ó consumidor que tódolos produtos ofrecidos polo establecemento son ó precio que sutilmente se indica no seu rótulo, a simple observación dos precios dos produtos que se venden no seu interior indica que non é así, senón moi ó contrario.

Non é a intención desta iniciativa denunciar expresamente a ningún establecemento deste tipo en particular, dos que a denominación comercial podería

catalogarse como publicidade enganosa, xa que induce ou pode inducir a erro ós seus destinatarios, senón defender e protexer os intereses dos consumidores, que, entendemos, non están debidamente protexidos ante este tipo de establecementos.

Por tal motivo, os deputados que subscriben formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar unha exhaustiva análise e investigación das denominacións comerciais dos establecementos comerciais situados en Galicia e a comprobar se estas puidesen resultar equívocas e inducir a erro ó consumidor. Ó mesmo tempo, comprobarase se os precios dos produtos que se ofrecen no interior se axustan ó que se indica no seu rótulo exterior.

De non ser así, deberán obrigar ó cambio de denominación comercial, por ser enganoso, ou, pola contra, esixir que os produtos que se ofrecen sexan todos eles ó precio que se indica ou suxire na denominación comercial”.

Parlamento de Galicia, 12 de setembro de 1994.

Asdo.: José Antonio Ventoso Mariño

María Antonia Álvarez Yáñez

Deputados

Mª Xosé Porteiro García

Portavoz

Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre o recoñecemento oficial dos cursos de seguridade e contraincendios que se están a realizar no centro educativo de formación profesional, antiga Universidade Laboral da Coruña (núm. 2.931. Comisión 8ª).

Presidencia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre o recoñecemento oficial dos cursos de seguridade e contraincendios que se están a realizar no centro educativo de formación profesional, antiga Universidade Laboral da Coruña (núm. 2.931).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Ventoso Mariño, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei en Comisión.

Exposición de motivos

Na actualidade a Xunta de Galicia está a organizar cursos de seguridade e contraincendios na aula de salvamento que a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ten en Ferrol.

No centro de Ferrol téñense que realizar necesariamente os cursos, teñan ou non os mariñeiros realizado o mesmo curso noutros centros.

Os alumnos da rama de formación profesional náutico pesqueira da antigamente denominada Universidade Laboral da Coruña son un exemplo da actual disintonía existente entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. A pesar de que xa realizaron os alumnos o curso de supervivencia no propio centro educativo, en instalacións homologadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, obrigáselles a repetilo no centro da Consellería de Pesca en Ferrol. Esta decisión implica unha desautorización das ensinanzas que o profesorado, dependente da Consellería

de Educación, imparte nun centro oficial e público da Xunta de Galicia, e tamén unha discriminación cos alumnos dun centro de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas náuticas; pero o máis lamentable é a dilapidación de tempo e diñeiro a que se ven sometidos os alumnos de centros da Consellería de Educación, máxime cando na actualidade existen longas listas de espera para acudir a estes cursos, por ser obrigatoria a súa obtención para poder embarcar.

Os alumnos de centros públicos operan como talpón nas listas de espera ó verse na obriga de acudir ó devandito centro de Ferrol ós cursos de seguridade e contraincendios.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recoñecer oficialmente os cursos de seguridade e contraincendios que xa se están a realizar no centro educativo de formación profesional, antiga Universidade Laboral da Coruña.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 1994.

Asdo.: José Antonio Ventoso Mariño

Deputado

Mª Xosé Porteiro García

Portavoz

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

Solicitud de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, a iniciativa de catro deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar sobre os criterios e obxectivos que se tentan acadar co plan operativo da flota de arrastre do litoral galego (núm. 2.989. Comisión 8ª).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 23 de setembro de 1994, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión parlamentaria correspondente, a solicitude de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e

Acuicultura, a iniciativa de catro deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, para informar sobre os criterios e obxectivos que se tentan acadar co plan operativo da flota de arrastre do litoral galego (núm. 2.989).

O que se publica para xeral coñecemento, de conformidade cos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Os deputados abaixo asinantes, pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e membros da Comisión 8ª do Parlamento, ó abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa que se proceda coa maior brevidade posible á tramitación da comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura co fin de informar sobre os criterios e obxectivos que se tentan acadar co plan operativo da flota de arrastre do litoral galego.

Parlamento de Galicia, 15 de setembro de 1994.

Asdo.: José Antonio Ventoso Mariño

José Giraldez Maneiro

Uxío Labarta Fernández

Santos Oujo Bello

Deputados

8.ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

8.2 PERSOAL

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de setembro de 1994, polo que se modifica o cadro de persoal do Parlamento de Galicia.

Tramitado o expediente de modificación do cadro de persoal, ó abeiro do disposto nos artigos 40 e 43 do Estatuto do persoal, e en virtude dos acordos das mesas do 3 de xuño e 6 de setembro de 1994:

Vistos:

-a comunicación da Xunta de Persoal do 24 de xuño e o seu informe do 23 de setembro respecto de cada unha das propostas de modificación,

-o informe dos Servicios Económicos sobre a avaliación do custo económico da transformación dun posto de traballo na sección de Biblioteca e Documentación,

-o informe-proposta da Oficialía Maior,

A Mesa, na súa reunión celebrada o día 27 de setembro de 1994, acordou:

1ª.- Aproba-la modificación do cadro do persoal funcionario da Administración parlamentaria coas especificacións seguintes:

-Sección de Biblioteca e Documentación:

Transformar unha praza de bibliotecario, grupo A, nivel 22, vacante por excedencia voluntaria, noutra de axudante de biblioteca, grupo B, nivel 20.

-Servicios Económicos:

Incluír entre os sistemas de provisión da praza vacante de interventor do Parlamento o de libre designación a teor do disposto no artigo 28 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, entre interventores de calquera das administracións públicas.

2º.- Disponse-la súa publicación no Boletín da Cámara e no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 1994.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

9. INFORMACIÓNS E CORRECIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

Retirada da solicitude de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Industria e Comercio para informar sobre as liñas xerais de actuación da Consellería (núm 368.)

Presidencia

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 23 de setembro de 1994, por petición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm 368), aceptou a retirada da seguinte iniciativa:

-Doc. núm. 368, do G.P. dos Socialistas de Galicia, solicitando a comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Industria e Comercio para informar sobre as liñas xerais de actuación da Consellería, publicada no BOPG núm. 12, do 28 de decembro de 1993.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Retirada da solicitude de comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para informar do proxecto de construción dunha incineradora de residuos tóxicos e perigosos (RTP) en Teixeiro (Curtis), presentada pola empresa Prometel-Gamesa (núm. 481).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 23 de setembro de 1994, por petición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm 481), aceptou a retirada daseguínte iniciativa:

- Doc. núm. 481, do G.P. dos Socialistas de Galicia, solicitando a comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ante a Comisión 2ª, para informar do proxecto de construción dunha incineradora de residuos tóxicos e perigosos (RTP) en Teixeiro (Curtis), presentado pola empresa Prometel-Gamesa, publicada no BOPG núm. 19, do 2 de febreiro de 1994.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Retirada da Interpelación formulada por D. Xesús Vega Buxán e D. Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia respecto da situación retributiva do ex-conselleiro Sr. Fernández García (núm. 2.187).

Presidencia

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 23 de setembro de 1994, por petición dos seus autores (doc. núm. 2.187), aceptou a retirada da seguinte iniciativa:

Doc. núm. 2.187, de D. Xesús Vega Buxán e D. Alberte Xullo Rodríguez Feixoo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia respecto da situación retributiva do ex-conselleiro Sr. Fernández García, publicada no BOPG núm. 110, do 13 de setembro de 1994.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1994.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira